



### CONVENIO CONCELLO DE OURENSE COA ASOCIACIÓN DE AXUDA O TOXICOMANO (ATOX) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PISO DE ACOLLIDA PARA A INCORPORACIÓN SOCIAL. ANO 2018.

Ourense, .....de.....de 201...

#### REUNIDOS:

Dunha parte don Jesús Vázquez Abad, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Ourense, designado na sesión do Pleno da corporación do día 13 de xuño de 2015 que actúa no nome e na representación da citada institución segundo as competencias que lle outorga o artigo 124 da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local modificada pola Lei 57/03, de 16 de decembro e con domicilio social en Praza Maior, 1, 32005 Ourense e CIF P-3205500F

Doutra parte dona Zaida Varela Carid, Presidenta da asociación sen ánimo de lucro Asociación de Axuda ó Toxicómano "ATOX de Ourense", (en adiante ATOX) co C.I.F. G-32.106.429 e domicilio social na Rúa do Paseo nº 15-2º de Ourense, renovada no cargo na data 22 de febreiro de 2018 segundo o artigo 28 dos seus estatutos, en representación da citada Asociación

Ambas as partes recoñécense plena capacidade para levar adiante o presente convenio e

#### MANIFESTAN:

- Primeiro:** Que o Concello de Ourense considera un dos seus obxectivos prioritarios a loita contra as drogodependencias, tanto dende un plano preventivo, asistencial como reinsertivo.
- Segundo:** Que o Concello de Ourense, contempla dentro da actuación fronte ás drogodependencias o fomento das actuacións que levan a cabo diferentes asociacións cidadáns que manifestan como obxectivo prioritario a loita contra as drogodependencias, como é a Asociación Orensana de Axuda ó Toxicómano (ATOX).
- Terceiro:** Que coa esta finalidade de desenvolver actuacións encamiñadas a loita contra a drogodependencia, ATOX de Ourense dispoñe de locais nos cales desenvolve actividades de carácter de reinsertión de Drogodependentes.
- Cuarto:** Que as dúas partes consideran esencial o establecemento de accións fronte á loita contra as drogodependencias na cidade de Ourense.





**Quinto:** Que a Asociación Ourensana de Axuda ó Toxicómano (ATOX) cumpre cos requisitos para ser beneficiaria da concesión de subvencións conforme co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ourense.

### ACORDAN

Subscribir o presente convenio para o apoio económico do desenvolvemento do Programa de Piso de Acollida para a Incorporación Social 2018 dacordo coas seguintes

### CLAUSULAS

**Primeira:** É obxecto de este convenio o apoio económico ó desenvolvemento por parte da Asociación de Axuda ó Toxicómano ATOX do Programa de Piso de Acollida para a Incorporación Social. 2018

**Segunda:** Asociación ATOX comprométese a desenvolver o Programa de Piso de Acollida para a Incorporación Social. 2018" que supón un apoio residencial en Ourense para pacientes con condutas adictivas, ofrecendo un apoio continuo nas distintas fases do proceso de rehabilitación de persoas que levan un largo proceso de consumo de diversas sustancias, implementado e avaliado por persoal cualificado.

**Terceira:** A Asociación ATOX, para o desenvolvemento deste convenio, asume os seguintes compromisos:

- Incluír o anagrama do concello de Ourense en todo o material impreso que utilice en referencia ó programa obxecto deste convenio.

- Comunicar ao Concello tódalas fontes de financiamento de que dispoña para o desenvolvemento da súa labor.

- Comunicar o cambio ou modificación da composición dos membros da xunta directiva, caso de producirse

- Cumprir coa lexislación vixente que lle resulte de aplicación en materia de persoal, seguridade, etc., asumindo directamente as responsabilidades que se poidan derivar polo exercizo das súas actividades.

**Cuarta:** O Concello de Ourense comprométese a apoiar economicamente a Asociación ATOX coa cantidade de 25.000 euros (VINTECINCO MIL EUROS), para o desenvolvemento do Programa de Piso de Acollida para a Incorporación Social 2018 con cargo á partida orzamentaria número 150.3120.48910

A porcentaxe máxima subvencionable non superará o setenta e cinco (75%) do custo do programa, cuxo orzamento estimativo é de 34.526,45 (TRINTA E CATRO MIL CINCOCENTOS VINTESEIS EUROS CON COARENTA E CINCO CÉNTIMOS) .





Para o establecemento da contía terase en conta, entre outros, os días de estancia dos pacientes considerando unha achega de 35 euros por custo medio/día de estancia de cada paciente contabilizado na Unidade de Condutas Adictivas do concello de Ourense. Calcúlase a efectos deste convenio novecentas oitenta e sete o número de estancias/ano para acadar a contía máxima a subvencionar.

De non xustificaren o importe total previsto no convenio, e sempre e cando se tivese acadado o obxecto nel establecido, o concello de Ourense minorará a súa achega proporcionalmente ó importe xustificado.

As achegas previstas polo concello de Ourense serán destinadas a sufragar os gastos obxecto do convenio. En ningún caso son subvencionables os intereses debedores de contas bancarias, os intereses, recargas e sancións administrativas ou penais, os gastos de procedementos xudiciais, os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

De acordo co principio de anualidade orzamentaria a achega concedida deberá destinarse a gastos devengados no ano 2018.

### Quinta:

O libramento dos fondos realizarase unha vez presentada e aprobada a xustificación da aplicación outorgada á subvención concedida, comprensiva da seguinte documentación conformada pola secretaría e/ou outros órganos competentes da asociación:

- Instancia subscrita polo/a Presidente/a da Asociación dirixida ó Alcalde-presidente do concello de Ourense na que se solicite o pagamento da subvención concedida.
- Certificación dos días de estancia dos pacientes atendidos conforme ao establecido no convenio. Dita certificación deberá ser validada por persoal da Unidade de Condutas Adictivas do concello de Ourense.
- Memoria anual detallada das actividades do proxecto de reinserción, poboación receptora e avaliación de resultados, especificando os obxectivos acadados e os que faltan por acadar, así como especificación de gastos e resultado final das fontes de financiamento do proxecto.
- Balance anual, memoria contable e conta de resultados oficiais do exercicio aprobadas pola Asamblea Xeral e coa certificación acreditativa desta aprobación.
- Declaración doutras achegas recibidas.
- Certificación negativa de débedas coa seguridade social e outras administracións

A subvención será reducida proporcionalmente á contía non xustificada así como se houberse concorrencia doutras achegas que supuxeran un financiamento maior co custe da actividade subvencionada.

Con carácter previo á xustificación da aplicación da axuda económica outorgada poderán efectuarse entregas a conta en concepto de pagamento anticipado, ata un máximo do 70% do importe subvencionado, previa petición do interesado e atendendo as dispoñibilidades líquidas do Concello.

Establecese como data límite para a presentación da xustificación do importe total subvencionado o 30 de xuño de 2019





**Sexta:** Designarase un representante da Unidade de Condutas Adictivas e un representante da Asociación de Axuda ó Toxicómano, para o seguimento do desenvolvemento do presente convenio.

**Sétima:** A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre o persoal da Asociación ATOX e ó Concello de Ourense, de tal forma que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento das súas actividades.

**Oitava:** Establécese un prazo de vixencia do presente convenio de ata o 31 de decembro do ano 2018.

**Novena:** Son causas de resolución, as previstas na normativa que lle resulta de aplicación, e darán lugar, no seu caso, ó reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes intereses, as seguintes:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b) A aplicación dos fondos outorgados para outro fin distinto dos contemplados e que motivaron a súa concesión.
- c) O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- d) O impedimento ou dificultade para o Concello en caso de inspección.
- e) A disolución da Asociación ou calquera outra causa que impida unha correcta aplicación deste convenio.
- f) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

**Décima:** O presente convenio ten carácter administrativo e exclúese do ámbito de aplicación da normativa en materia contractual. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e, no non previsto, aplicaráselle o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ourense. As discrepancias xurdidas acerca da interpretación do presente convenio serán resoltas polo Concello de Ourense poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

E, en proba de conformidade de canto antecede, as partes comparecentes asinan e rubrican, en triplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento.

Alcalde do Concello de Ourense

Presidenta da Asociación ATOX

Jesús Vázquez Abad

Zaida Varela Carid





Concello de **OURENSE**

Saúde

Para que conste que o documento que precede á presente foi aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Ourense. Faise constar que se incorpora ó correspondente expediente electrónico a comunicación asinada por esta Secretaría ó respectivo servizo do acordo tomado.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, asino a presente en Ourense na data de sinatura electrónica

A concelleira secretaria da Xunta de Goberno Local

